

PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

ORIENTADORA: M^a Jesús García Taboada

CPI Tino Grandío -Guntín

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	5
2.1. <i>ALUMNADO E OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.....</i>	<i>4</i>
3. OBXECTIVOS	
3.1. <i>CÓ CENTRO.....</i>	<i>7</i>
3.2. <i>CO ALUMNADO.....</i>	<i>7</i>
3.3. <i>CO PROFESORADO.....</i>	<i>7</i>
3.4. <i>CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.....</i>	<i>8</i>
3.5. <i>COS PAIS.....</i>	<i>8</i>
4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓ DE ACCIÓNS PRIORITARIAS	
4.1. <i>Relacionadas coa inclusión e a diversidade</i>	<i>9</i>
4.2. <i>Relacionadas có PAT.....</i>	<i>10</i>
4.3. <i>Relacionadas có POAP.....</i>	<i>12</i>
5. RECURSOS DISPOÑIBLES.....	
... 12	
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓ.....	13
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓ.....	14

PLANO DE ORIENTACIÓN CURSO 2018-19

1.- INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2013 do 9 de Decembro (LOMCE) é o marco no que se van a desenvolver todas as accións propostas polo departamento. Nesta recollense como principios básicos de actuación os seguintes:

- A calidade da educación para todo o alumnado
- A equidade da educación como forma de garantir a igualdade de oportunidades a vez que é un elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.
- O esforzo individual e a motivación dos alumnos/as, así como o esforzo compartido por todos os implicados no proceso educativo (alumnos/as, pais/nais, profesores/as, centros, administracións, sociedade).

Un dos fins prioritarios da LOMCE é o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación nos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, e o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, tendo un lugar relevante a transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a tolerancia e a igualdade.

A nosa labor dentro do Departamento de Orientación rexerase polo Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a Orientación Educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenrola dito Decreto.

Tomaremos como base das liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación a Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO Tamén teremos en conta a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se dictan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Departamento situará a súa principal liña de actuación na “intervención psicopedagóxica”, para o servizo de toda a comunidade educativa, pretendendo acadar unha educación personalizada e integral. Neste modelo non ten cabida unha orientación entendida como intervención puntual, remedial ou asistemática e como tarefa exclusiva do orientador. A orientación debe enfocarse como unha

actividade dentro do currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa.

No marco concreto do Centro, a existencia de alumnos/as con necesidades educativas especiais, completa a labor do Departamento de Orientación ao ter que asesorar e colaborar na resposta educativa que se da a estos alumnos/as.

O deseño de actuación no presente curso trata de manter a liña de actuación destes cursos pasados coa intención de consolidar aspectos e dinámicas de actuacións que se valoran como positivas, profundizar noutras que sendo válidas unicamente serviron para detectar e sinalar vieiros adecuados e tamén para intentar retos algo máis ambiciosos. Nin que dicir ten que teremos moi en conta aquelas actuacións ou ausencias das mesmas que nas nosas análises se consideraron erróneas ou pouco axeitadas. Noutros casos, retomaranse actuacións que estando xa pensadas e proxectadas apenas se poideron iniciar ou se desenvolveron en precario pese aos esforzos e interese empregado. Somos conscientes das limitacións con que nos encontramos pero o principio básico de cada curso consiste en conseguir avanzar algo máis na mellora da orientación educativa en todo os seus aspectos.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O C.P.I. “Tino Grandío” de Guntín é un centro que imparte as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, E.S.O.

O número de **alumnado escolarizado** neste curso é o seguinte:

Educación Infantil

Curso	Alumnos/as
4º	12
5º	8
6º	12

Educación Primaria

Curso	Alumnos/as
1º	10
2º	12
3º	10
4º	9

5º	10
6º	10

ESO

Curso	Alumnos/as
1º	19
2º	18
3º	7
4º	12

3. OBXECTIVOS:

3.1. CO CENTRO:

- Colaborar co Centro na elaboración de documentación necesaria para o desenvolvemento e intervención educativa: A.C.S, programas de reforzo,...
- Elaborar acordo coas directrices da C.C.P., as propostas da organización da orientación.
- Contribuír a que a avaliación se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora.

3.2. CO ALUMNADO:

- Colaborar na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe e organizar as intervencións para remedialas.
- Participar no diagnóstico, deseño e aplicación de programas individuais de R.E., A.C.S,
- Proporcionar información e orientación académica e profesional.

3.3. CO PROFESORADO:

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico en actividades de orientación e tutoría.
- Impulsar a participación do profesorado nas diferentes actividades do P.A.T.
- Informar das características psicopedagóxicas de alumnos con N.E.A.E. e/ou problemas da aprendizaxe.

- Asesorar na realización de A.C.S.

3.3. CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- Solicitar asesoramento e colaboración ao Equipo de Orientación Específico da Provincia , CEFORE...
- Colaborar no desenvolvemento de actividades e programas de intervención con: Servizos Sociais, Orientadora Laboral, Técnica de Emprego, Centro de Saúde, etc.
- Colaborar e solicitar información para a orientación académica e profesional a institucións (INEM, SGC, COIE, Universidades,...)

3.4. COS PAIS:

- Atender aos pais directamente, tanto por propia iniciativa como a petición do D.O.
- Solicitar a súa colaboración en actividades realizadas dende o D.O.
- Implicar aos pais en actividades de reforzo e apoio.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

No presente curso, este Departamento de Orientación priorizará as seguintes actuacións:

4.1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade (Plan de Apoio ao Proceso de ensino aprendizaxe)

Atención á diversidade: identificación temperá das necesidades educativas, revisión e modificación das medidas de apoio; iniciar a intervención logopédica con aqueles alumnos diagnosticados e que o necesiten, asesorar e colaborar co profesorado nas diferentes medidas de atención á diversidade.

Paso a expoñer de forma esquemática as principais accións referentes a este eido :

- Dinamizar e realizar un seguimento continuado, dende o Departamento de Orientación, sobre as Medidas de Atención á Diversidade.
- Manter a coordinación co profesorado de área/especialistas de apoio, establecendo a principio de curso un calendario de reunións (con carácter bimensual/trimestral) para facer un mellor seguimento das medidas aplicadas.
- Priorización da constitución de grupos reducidos de alumnado, no caso de que haxa profesorado suficiente.
- Facer desdobres nas áreas instrumentais na medida do posible.

- Entregar un dossier ao profesorado, por parte do DO, sobre o alumnado con NEAE, características das mesmas e propostas de intervención.
- Búsqueda e selección de material didáctico específico, e dalo a coñecer a toda a comunidade, colgando na páxina web do departamento.

4.2. Accións relacionadas co Plan de Acción Tutorial

Colaboración na elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Acción Tutorial, para favorecer unha educación de calidade.

Os contidos do P.A.T. están organizados en catro grandes bloques; para o seu desenvolvemento colaborárase co profesor titor/as asesorándoos na elaboración de actividades e na súa implementación:

- a) **Acoller e integrar:** favorecer a integración e participación dos alumnos/as no grupo-clase e no centro en xeral. Dentro deste Bloque desenvolveremos un ano máis o programa **TEI** (titoría entre iguais, cós alumnos/as de 3-4 de ESO e os que acaban de incorporarse o centro en 1º de ESO, en colaboración cos respectivos titores); anque este Bloque desenvolvese dun xeito específico durante o primeiro mes do curso, o programa TEI dura todo o curso.

Temporalización: Primeiro mes do curso.

- b) **Ensinar a convivir, a comportarse e a ser persoa:** propiciar nos alumnos/as a capacidade de adaptación social e escolar.
- Priorizaranse contidos relacionados coa educación para a saúde, así como todo o relacionado con habilidades sociais e prevención de drogodependencias, autoestima e resolución de conflitos, hábitos de estudo, dinámicas de grupos.
 - Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos, seguindo as directrices do plan de convivencia.

Temporalización: Primeiro e segundo trimestres.

- c) **Ensinar a pensar:** Fomentar o coñecemento e utilización das técnica e hábitos de estudio, mellorando e axudándolle no seu proceso de aprendizaxe.

Temporalización: Primeiro e segundo trimestres.

- d) **Aprender a informarse, a coñecerse e a tomar decisións:** Favorecer a orientación académica e profesional e instruílos no coñecemento de estudos posteriores e na toma de decisións.

- Orientación e apoio tanto ao alumnado como ás súas familias para a realización dunha toma de decisións académico-profesionais responsables, proporcionando todo tipo de información e asesoramento tanto sobre a educación formal como non formal para favorecer unha futura integración no mercado laboral.

Temporalización: Terceiro trimestre.

- Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade e importancia de pararse a reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.

Temporalización: segundo e terceiro trimestre.

4.3. Accións relacionadas co Plan de Orientación Académica Profesional:

As actividades que se van realizar están concretadas no Plan e céntrase principalmente en:

- ✓ Adquirir destrezas cognitivas e habilidades necesarias para saber elixir ante as diferentes opcións académicas e/ou profesionais.
- ✓ Axudar a coñecer e a analizar o mundo académico e profesional, e o que un é, e desexa ser.
- ✓ Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade e importancia de pararse a reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.

Temporalización: segundo e terceiro trimestre.

O Programa de actividades de Información e Orientación Académico Profesional vai ser desenvolvido pola Xefa do Departamento de Orientación, en colaboración ca titora, en 4º da ESO (aínda que tamén se van desenvolver parte destas actividades en 3º da ESO); este Programa está directamente relacionado co PAT, e mais concretamente co último bloque de contidos: *“Aprender a informarse, a coñecerse e a tomar decisións”*.

5. RECURSOS DISPOÑIBLES

- Biblioteca
- Medios audiovisuais
- Ximnasio
- Transporte escolar
- Laboratorio
- Aula de Audiovisuais
- Aula de música
- Aula de tecnoloxía
- Aula de informática
- Aula de debuxo
- Aula de servicios múltiples.

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

O modelo de intervención que se vai facer dende o D.O. vai ser por programas, pero dada a experiencia doutros anos, vai haber unha demanda importante de intervención por servizos e consulta, tanto por parte do profesorado solicitando asesoramento sobre a intervención con determinados alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, como unha demanda de servizos tanto por parte dos pais/nais como dos alumnos/as, referida a calquera tipo de asesoramento ou intervención tanto de índole académica como de orientación profesional ou persoal.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Para a avaliación do Plan, empregaremos toda a información e experiencias aportadas polos membros do Departamento de Orientación, profesores/as, pais/nais e alumnos/as. A avaliación será principalmente interna, levada a cabo polos propios membros do Departamento. Terá un carácter permanente.

O principal criterio de avaliación, será valorar a adecuación do Plan ás necesidades dos destinatarios, avaliando: obxectivos, actividades, temporalización das mesmas, recursos empregados, etc.

Procedencia dos datos:

Para a avaliación do Plan vamos a utiliza-los datos suministrados por:

- As persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento: membros do Departamento, titores/as e profesores/as
- Os destinatarios:alumnos/as, profesores/as, pais/nais

Instrumentos para a recollida de datos:

- Test psicopedagóxicos
- Cuestionarios
- Enquisas
- Intercambios orais
- Informes individualizados

Indicadores:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais dos destinatarios
- Nivel de acordos suxeridos e grao de consenso acadado
- Nivel e grao de acollida das actividades planificadas polo Departamento
- Nivel de colaboración rexistrada en pais/nais, profesores/as e alumnos/as
- Adecuación das actividades ás necesidades dos grupos e grao de desenvolvemento das mesmas
- Adecuación dos obxectivos, contidos e actividades programadas as esixencias reais dos alumnos/as
- Valoración das dificultades que atopen nos programas elaborados e nas secuencias establecidas para adaptalas ás necesidades
- Grao de coordinación acadado cos profesores/as tanto no desenvolvemento dos programas coma na avaliación dos alumnos/as

O Plan Anual de Actividades avaliarase e quedará plasmado, ó rematalo curso na Memoria, onde se reflectirán os logros acadados e as dificultades atopadas, así como os aspectos que incidan positiva ou negativamente no desenvolvemento do mesmo.

Guntín 19 de Outubro de 2018

A xefa do Departamento de Orientación

M^a Jesús García Taboada

